

## EMERXENCIA LINGÜÍSTICA: DO ESTADO DA CUESTIÓN Á ACCIÓN

### Estado da cuestión

Os **datos** que achegou recentemente o Instituto Galego de Estatística en relación coa perda de coñecemento e uso social da lingua galega confirman a tendencia amosada por múltiples estudos e investigacións sobre o devalo lingüístico. **“O castelán é xa o idioma predominante no país”** foi o titular que acendeu todas as alarmas e propiciou distintas tomas de posición. Un segredo a voces, que desde a Xunta de Galicia, certos ámbitos da administración local e diversas institucións e entidades viñeron procurando negar ou silenciar.

O clamor social e cívico e, nalgunha medida tamén dalgúns sectores institucionais, veu demandando, alertando e reclamando a revisión das **regresivas políticas lingüísticas** que, especialmente **desde hai 15 anos**, a Xunta de Galicia activou con maior forza. Desde o chamado *liberalismo lingüístico* –apoiado mediaticamente, con fortes apoios empresariais e con numerosos silencios cómplices– promovéronse **múltiples actuacións e medidas político-administrativas de desprotección** efectiva do galego, cun rechamante lugar para o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

Coa denuncia como pano de fondo, **estendéronse e naturalizáronse prácticas políticas e socioculturais que foron minando a forza social e comunicativa da lingua galega e da nosa cultura na sociedade**. Rachou profundamente a transmisión interxeracional; vén existindo unha moi insuficiente atención aos usos diglósicos e de deterioración ortográfica e mesmo fonética; desconsiderase a pragmática da lingua; non se coidan os resortes que permiten habitar en galego en tantos espazos urbanos e de desenvolvemento científico ou económico; non hai tampouco unha educación lingüística que se propoña mudar o imaxinario social sobre a lingua e, ao carón dos vellos estereotipos lingüísticos, aliméntanse novos prexuízos ligados, sobre todo, a comportamentos de clase; ao sumo foméntase unha simplificadora condescendencia –“tolerancia lingüística”– coas persoas galegofalantes. No ámbito do

ensino tampouco a Xunta de Galicia realizou as avaliacións debidas normativamente con respecto á aplicación do Decreto en vigor para o ensino, a pesar das evidencias que revelan eivas importantes na adquisición de distintas competencias lingüísticas. Estes e outros significativos sinais da involución lingüística amosan a dificultade de termos como sociedade unha memoria compartida sobre a lingua galega e a súa problemática, imprescindible para sentírmonos corresponsables co deber ético e cultural de conserva-la e renova-la. Chegamos así a un punto de **emerxencia lingüística extrema**, como nestes días se ten expresado.

Neste escenario, ante o crecemento da denuncia social, a Xunta de Galicia, finalmente sente a necesidade de **renovar o Plan de Normalización Lingüística** aprobado como documento de traballo –pero, infelizmente, sen valor legal ningún, como no seu día expresou o anterior presidente da Xunta– por parte do Parlamento de Galicia en 2004, por unanimidade das súas forzas políticas (BNG, PP e PSOE ), e así o veu propoñendo ao longo dos últimos dous meses de 2024. Para tal efecto, e logo dalgunhas conversas coas forzas parlamentarias, coa Real Academia Galega e co Consello da Cultura Galega, acaba de promover a re-creación dun conxunto de comisións técnicas de traballo de acordo con distintos ámbitos sociais, co obxectivo de actualizar aquel Plan, procurando ter como horizonte temporal próximo un Pacto pola Lingua que poida ser compartido e como medio para impulsar o prestixio e uso social do galego.

De partida, son preocupantes varias eivas observadas nesta incipiente actuación: a ausencia dunha avaliación efectiva dos logros/carencias/limitacións sobre a que enxergar liñas de acción; a inexistencia dun explícito acordo parlamentario para esta revisión, como parece imprescindible dada a natureza do documento en cuestión; un nomeamento non concertado de coordinadores/as das Comisións, ou **a ausencia dunha aposta nidia polo lugar que o galego, lingua propia e patrimonial de Galicia, debe ocupar por lei**, e desde o respecto á “Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias” (de 1992, ratificada polo Estado español en 2001) en todos os ámbitos dunha sociedade na que están presentes diversas linguas.

## Consideracións para a acción

1. Desde Nova Escola Galega, como movemento de renovación pedagóxica mobilizador de prácticas e propostas a prol da galeguización, a dinamización e a normalización da lingua galega no ensino, **valoramos que se poida alcanzar un pacto político e social favorable ao impulso compartido do coñecemento e usos do galego.** Acordo que debера fundamentarse en medidas de actuación planificadas en diversos ámbitos e escalas territoriais, temporizadas, sostidas con financiamento público e periodicamente avaliadas, coa finalidade de constatar os avances pretendidos e de revisar procesos e orientacións, dado o caso, de desaxuste; sendo imprescindible considerar a estes efectos modelos de actuación avalados desde o coñecemento sociolingüístico que lograron reverter situacións semellantes.
2. Nesta perspectiva procesual alertamos da necesidade de compaxinar o traballo de cada unha das comisións que se poidan artellar coa existencia dun **proceso participativo, de diálogo coa cidadanía, coas institucións, entidades e colectivos cívicos que veñen traballando a prol da lingua.** Somos ben conscientes de que, tocante aos procesos de normalización do galego, existen numerosos sobreentendidos, conflitos cognitivos, estereotipos ou simplificacións, así como elementos e resortes emocionais contraditorios, presentes en numerosas situacións persoais e sociais, que é necesario abordar paulatinamente e mediante intenso traballo pedagóxico, non só co recurso aos medios de comunicación senón coa implicación de numerosos actores. Hai asuntos de fondo psico-social que deben ser clarificados.
3. Este horizonte debe procurar **puntos de partida suficientemente compartidos coa cidadanía,** no recoñecemento da singular protección patrimonial que precisa o galego, e con el a armadura de manifestacións culturais propias, unha xanela de oportunidades que deberíamos confiar con razoable vitalidade ás novas xeracións. Son necesarias accións encamiñadas a mellorar o seu status e a súa percepción

social, nun contexto de **convivencia con varias linguas** con usos e alcances diversos. A todas as persoas chegadas de fóra que se instalan no noso territorio cómpre acollelas amosándolles a riqueza da nosa realidade lingüística, para que queiran aproveitar a formación que tamén cómpre darlles coa finalidade de que se poidan incorporar ao uso do galego. A convivencia doutras linguas na sociedade galega debe ser unha fonte de enriquecemento sempre que se supere unha perspectiva do galego como lingua B. **O plurilingüismo deber ser inclusivo ou non é plurilingüismo.** Nesta liña, as sinerxías co ámbito da lusofonía teñen un valor engadido.

4. Como indica a declaración asinada pola RAG isto implica o deseño dun marco normativo novo: **un novo decreto para o sistema educativo que substitúa o Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo que se axuste á progresividade que se pide na LNL.** Como a Carta Europea prevé, habería que impulsar accións encamiñadas a asegurar a posibilidade universal dunha escolarización completa en galego desde a etapa infantil á universitaria. Igualmente, cómpre que o sistema universitario se comprometa de xeito efectivo co uso do galego como lingua da docencia e de investigación, con medidas de protección académica.

**Nova Escola Galega mostra a súa mellor disposición para participar nos debates, clarificacións e propostas cara á consecución dun efectivo Pacto pola Lingua.** Só desde a honestidade política poderá xerarse unha ilusión colectiva no sentido da esperanza a conquistar; do contrario será un efecto de ilusión, que é o que provocan os ilusionistas.

*(Declaración de Nova Escola Galega, xaneiro 2025, no Ano Castelao)*